



WWW. SEISDONADALCOIA.COM · @CBSEISNADALCOIA

ORGANIZA:



CO APOIO DE:



FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO

COLABORA:



# I TORNEO AUTONÓMICO KIDS NBA 2K20

## (DOMINGO 10 DE MAIO DO 2020)

### PRESENTACION E EXPLICACION

O **Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia** organizará, despois do éxito desta fin de semana e nestes días de confinamento, a **Primeira Edición do Torneo Autonómico "Kids" NBA 2K20**, coa finalidade de manter dalgunha forma o contacto entre os clubs da comunidade galega e darlle continuidade ás competicións aínda que sexan de xeito virtual e a través dunha pantalla.

Esta versión "Kids", organizada durante o confinamento pola crise do coronavirus, contará de novo co apoio da **Federación Galega de Baloncesto** e coa colaboración da tenda deportiva **Tiro Libre**, en Santiago de Compostela, tenda que outorgará o premio ao gañador/a do torneo e outros regalos a tódolos participantes.

Participarán un total de **32 clubs ou entidades** da Federación Galega de Baloncesto, por rigorosa orde de inscrición. O Torneo, que se celebrará o **próximo domingo 10 de maio do 2020** ao longo de toda a xornada, poderá ter un representante por cada club ou entidade.

Para inscribirse nesta iniciativa haberá que enviar un correo electrónico ao e-mail [areadeportiva@seisdonadalcoia.com](mailto:areadeportiva@seisdonadalcoia.com) antes do **martes 5 de maio do 2020** ás **20:00 horas**.

# REQUISITOS PARTICIPANTES

Para inscribirse nesta iniciativa haberá que enviar un correo electrónico ao e-mail [areadeportiva@seisdonadalcoia.com](mailto:areadeportiva@seisdonadalcoia.com) antes do martes 5 de maio do 2020 ás 20:00 horas desde o club ou entidade que desexa participar cos datos do seu representante.

O representante de cada club ou entidade deberá cumprir os **seguintes requisitos**:

- Ter licenza na Federación Galega de Baloncesto na tempada actual 2019/2020.
- Pertencer ás categorías infantil, preinfantil ou minibásquet.
- Disputar tódolos partidos do Torneo Autonómico “Kids” no NBA 2K20 para PlayStation 4.
- Ter conta de Twitch para poder retransmitir os partidos en directo a través da nosa canle:  
**<https://www.twitch.tv/cbseisdonadalvigo/>**

O proceso de selección dos representantes de cada club ou entidade será elixido por cada un dos clubs ou entidades participantes no Torneo. Aconséllase realizar un Torneo de Clasificación previo entre tódolos interesados/as en participar neste evento.

# SISTEMA DE COMPETICION

Haberá enfrontamentos de eliminación directa baixo un sorteo que se realizará durante a semana da celebración do Torneo. Na primeira rolda clasificaranse 16 clubs dos 32 participantes totais.

Os oitavos de final darán lugar aos 8 clubs que participarán nos cuartos de final. A continuación disputaranse as semifinais e a final do Torneo na que se coñecerá ao campión desta primeira edición.

Os partidos da primeira rolda, dos oitavos de final e dos cuartos de final terán unha duración de dous minutos por período. As dúas semifinais terán períodos de tres minutos e a final desta Primeira Edición “Kids” xogarase con períodos de catro minutos.

Tódolos partidos xogaranse ao longo da xornada do domingo día 10 de maio do 2020, serán retransmitidos pola canle de Twitch do Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia e serán comentados en directo, entre outros, por Carlos Tresandí, presentador da Radio Galega.

Os representantes de cada entidade soamente poderán elixir no NBA 2K20 equipos da tempada actual e equipos clásicos. Non se poderán elixir equipos “All Time”. En caso de que algún representante non se presente no horario establecido pola organización comunicado previamente, en todo momento son horarios orientativos, ou perda a conexión durante o partido, darase o partido por perdido por descalificación directa.